

EL SÁBADO

FARO DE VIGO • Sábado, 23 de septiembre de 2006 • NÚMERO 479

Cumplir cen anos nun excelente estado de saúde non é tarefa sinxela, pero a Real Academia Galega logrouno. A próxima semana celebra o centenario da súa constitución nunhas condicións inmejorables. Será unha xornada de lembranzas con Xosé Ramón Barreiro ocupando a cadeira da presidencia.

Cen anos de mil primaveras

A Real Academia Galega cumpre o próximo sábado un século de vida

Marta Rivero

Esta semana serán días para lembrar o nacemento da Real Academia Galega, unha institución cuxa febleza orixinal non invitaba a presaxiar unha permanencia duradeira. Cun espírito fortalecido, a Academia está a piques de celebrar o centenario do seu periplo a prol da cultura patria. Atrás queda unha traxectoria difícil que discorre en paralelo ós atrancos polos que transitou a cultura galega.

Aquel 30 de setembro de 1906 coceuse algo grande no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos, en A Coruña. Por fin a necesidade dunha institución que velara pola lingua galega exposta por diversos escritores ó longo do século XIX fructificou nun proxecto que tiña o seu antecedente máis próximo no ano 1895 coa fundación da Comisión Xestora para a creación da Academia Galega, promovida por Emilia Pardo Bazán e Pérez Costales.

Esta primeira tentativa non coallou, mais a partir de entón intensificáronse os esforzos por dotar a Galicia dun organismo cultural. Xa no 1906, La Habana foi o centro de operacións dun grupo de intelectuais galegos -Curros Enríquez e Fontenla Leal, entre eles- que abandeiraron a creación dunha institución que promovía o coñecemento da cultura galega. Pouco tempo despois, en agosto dese mesmo ano, o rei Alfonso XIII concédelle o título de Real a este organismo, quedando establecida unha Real Academia Galega que non se faría oficial ata un mes despois.

A historia da Academia arrancaba entón por un camiño que non foi doado. Logo dunha primeira etapa marcada polo individualismo de personalidades relevantes da cultura galega e polas polémicas en torno á presidencia de Manuel Murguía, sucede unha segunda fase dende 1923 ó 1936 na que a presidencia estivo a cargo de Andrés Martínez Salazar, Francisco Ponte Blanco, Eladio Rodríguez González e Manuel Lugo Freire. Nestes intreos, o inesperado falecemento de Martínez Salazar provocou unha parálise nas actividades académicas e, dende diversos sectores nacionalistas e da prensa, criticouse a ociosidade da institución e o escaso compromiso coa sociedade.

O estalido da Guerra Civil deixouse notar no devir da Acade-



mia, que sucumbe a un período de semiclandestinidad no que acceden á presidencia Manuel Casás Fernández e Sebastián Martínez Risco y Macías. Superado o Réxime Franquista, no ano 1977 recuperáronse as esperanzas tronzadas e a sede da Real Academia Galega trasládase, dende as dependencias municipais da Praza María Pita, ó actual empra-

zamento na rúa Tabernas de A Coruña. Escomeza daquela unha nova etapa na historia da institución determinada pola presidencia de Domingo García-Sabell e na que se producen algúns feitos importantes. Un deles é o acordo, no 1982, en materia de Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego có Instituto da Lingua Galega. Do mesmo xeito, tamén se produciu o recoñecemento da Real Academia Galega na Lei de Normalización Lingüística e a creación do seminario de lexicografía -no que se elaborará

o primeiro dicionario monolingüe da institución- así como do seminario de sociolingüística.

A entrada na presidencia de Francisco Fernández del Riego no 1997 supón unha apertura sen precedentes na historia da Academia. Nesta nova andaina toman posesión algúns intelectuais elixidos anos atrás e nómeanse novos académicos entre prestixiosos nomes.

Paseniñamente e salvando os obstáculos que se ían presentando polo camiño, a Academia foi acumulando unha serie de fondos documentais, obras de creación inéditas e diversos epistolarios, ademais de fondos procedentes do arquivo Pardo Bazán. Todo este material atópase nun aventaxado proceso de informatización, dinamizado polo actual presidente, Xosé R. Barreiro Fernández, que dende finais de 2001 en que asumiu o cargo vén amosando unha acción renovadora.

Cen anos despois, a Real Academia Galega segue fiel ós principios que condicionaron a súa creación. Continúa coas súas publicacións e investigacións, pero facendo fincapé nunha constante actualización.

Para conmemorar o centenario da súa creación, o pasado 25

de xullo a Real Academia Galega recibiu de mans do presidente galego a Medalla de Ouro de Galicia nun acto no que Touriño expresou: "Parabéns, señor Presidente da Real Academia Galega por esta merecida medalla e por estes cen anos de historia, de empeño e dedicación". Parabéns, logo.

★ **Once presidentes nun século de andadura**

“Día das Letras Galegas”

O “Día das Letras Galegas” véñse celebrando dende o ano 1963, cando tres membros da Real Academia Galega presentaron nesta institución unha proposta que, se ben nun primeiro momento non foi moi valorada, acabou converténdose nun proxecto dinamizador. O que Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego propoñían era empregar o día 17 de maio de cada ano a “recoller o latexo material da actividade intelectual galega” adicando cada edición a unha figura significativa das letras galegas. Estes tres intelectuais xustificaron esta iniciativa histórica coa conmemoración “aquel ano do centenario da publicación dos “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro”.

Francisco Fernández del Riego encargouse da elaboración dun escrito que tiveron que firmar, xunto con el, os outros dous promotores da idea. “Despois sometémolo a xuízo da Real Academia Galega e aprobouse por unanimidade. Logo, cursouse a pretensión á autoridade competente” e ata hoxe, que xa van corenta e tres anos celebrando o “Día das Letras Galegas”. Có tempo, esta celebración serviu a unha revisión constante e a un rescate cultural sen precedentes, ó tempo que se converteu nunha festa cun alcance e unha significación extraordinaria, ademais de ser moi ben acollida non só a nivel literario senón tamén nos ambientes populares.

ESCENARIOS

Caixanova despide el verano y da la bienvenida a la nueva estación presentando la temporada de abono de teatro que se prolongará hasta el mes de diciembre con espectáculos de lujo y actores de renombre que contribuirán a crear una puesta en escena que no dejará indiferente a los asistentes.

Lo suyo es puro teatro

El Centro Cultural Caixanova se prepara para acoger cinco obras que componen la nueva etapa teatral

Marta Rivero

Vuelve el teatro al Centro Cultural Caixanova con un cartel renovado y funciones de calidad. Son en total cinco las obras contratadas para completar la nueva temporada, que se estrenará el próximo viernes a las 20:30 horas y se sucederá con el mismo horario hasta mediados de diciembre. La espectacularidad de la puesta en escena está garantizada de mano de compañías como "Els Joglars" así como de clásicos teatrales entre los que destacan **Salomé**, de Óscar Wilde y **La Casa de Bernarda Alba**, de Federico García Lorca. La presencia sobre el escenario de José M^a Pou, María Adán, Millón Salcedo, María Galiana y Silvia Marsó a cargo de la interpretación incrementa el atractivo de las representaciones programadas.

El viernes que se avecina se procederá a la apertura de la agenda con la última producción del grupo teatral "Els Joglars". **En un lugar de Manhattan** es una creación basada en "El Quijote" e ideada para sumarse al IV centenario que ha conseguido situarse entre las grandes creaciones de los genios de la ironía, la crítica y la diversión. En ella, el director de la compañía, Albert Boadella, plantea la siguiente pregunta: "¿No es disparatada quimera jugar ante un puñado de ciudadanos con la pretensión de reproducirles miniaturas de la vida pasada?", y será el público quien deba responder a la cuestión.

La siguiente tarde de teatro se emplaza al 10 de octubre, cuando un reparto compuesto por grandes nombres como el de María Adán y Millón Salcedo serán dirigidos por otro superlativo director de escena, Miguel Narros, para ofrecer una tragedia brutal y refinada que se remonta a la mujer fatal que desde la Lilith bíblica ha obsesionado el arte y la literatura y que trató Óscar Wilde en su obra **Salomé**, que protagonizará la jornada.

Una nueva cita tendrá lugar el 17 del mes próximo en el Centro Cultural Caixanova, pero esta vez el espectáculo consiste en una destilación de lo mejor de Edward Albee a través de la pieza **La cabra o Quién es Sylvia**. Definida como desconcertante y experimental, es sobre todo una representación muy divertida aunque con una temática seria centrada en la confusa naturaleza del amor, la necesaria pérdida de la inocencia y las vivificantes propiedades del peligro. Esta obra llega a Vigo avalada por diversos premios neoyorquinos conseguidos tras su estreno en la gran ciudad en el año 2002. Entre estos galardones se cuentan el



Tony, el New York Drama Critics Circle, el Drama Desk y el Outer Critics Circle.

El 14 de diciembre se cierra la temporada a lo grande con la representación de **Tres versiones**

de la vida, la quinta obra de la dramaturga francesa Yasmina Reza. En esta nueva pieza teatral, la autora vuelve a indagar en las tensiones de las relaciones humanas, si bien en esta ocasión las



Imágenes de los espectáculos que ofrecerá Caixanova en el próximo trimestre.

García Lorca en Vigo

Una de las piezas destacadas de la programación teatral que Caixanova presenta es **La Casa de Bernarda Alba**, la obra cumbre que Federico García Lorca terminó tres meses antes de ser asesinado en Granada. Será el próximo 25 de noviembre cuando llegue a Vigo un espectáculo basado en la sencillez de la puesta en escena, el mestizaje de la banda sonora (Las Voces Búlgaras, Mozart con Aires egipcios y Enrique Morente) y en el que se le da todo el protagonismo a las emociones de diez mujeres sometidas a un régimen dictatorial. Es en este contexto donde vemos la evolución de las distintas personalidades de los personajes interpretados por grandes actrices como María Galiana o Ruth Gabriel.

La Casa de Bernarda Alba es un claro ejemplo de cómo muchas obras maestras se acercan a los conflictos universales desde lo más cercano.

centra en las relaciones de pareja y entre colegas. Todo ello con una ojeada lúcida y contemporánea, siempre presente en su trabajo, y con una eficaz soltura en el tratamiento de temas como la

seducción o el poder, las influencias y la búsqueda del éxito. El elenco de actores está integrado por artistas como Silvia Marsó, J. Luis Gil, Carmen Balagu y Joaquín Climent.

Autobiografía musical

Pégate un tiro para sobrevivir

CHUCK KLOSTERMAN. Mondadori. 271 páginas.

Chuck Klosterman, periodista musical de la revista *Spin*, emprende en el verano de 2003 un viaje por los lugares de Estados Unidos donde murieron míticas estrellas del rock. En principio, la idea es "entender por qué los accidentes de avión, las sobredosis de droga y los suicidios con armas de fuego convierten a guitarristas melencólicos en profetas mesiánicos".

"Chuck, por favor, no escribas un libro sobre las mujeres de las que has estado enamorado", le pide su jefa. Afortunadamente, sin embargo, para los lectores que no son unos fanáticos del rock estadounidense, Chuck sí escribe un libro sobre las mujeres de las que ha estado o está enamorado. Principalmente de Diane (que "no está enamorada de mí porque yo sí lo estoy. El hecho de estar enamorado de ella hace que, a sus ojos, carezca por completo de atractivo") y de Lenore (cuyo problema



radica en que "quiere que yo sea ligeramente diferente a como soy en realidad"). Pero Chuck habla también de muchas otras cosas mientras devora kilómetros escuchando sus cedés favoritos: su infancia en un pueblo de Dakota del Norte, sus coloques más épicos, el 11-S y la banda sonora que le pondría, las películas del canal de los cristianos renacidos, etc.

Hay además algunos bosquejos de lo que era el propósito inicial del libro: en

Graceland siente vergüenza de ser estadounidense, en Seattle piensa que el suicidio de Kurt Cobain le otorgó cualidades que nunca había poseído en vida. Klosterman es magnífico cuando escribe sobre música y sobre su particular relación con ella. De las canciones de su banda predilecta, KISS, dice que el mundo tiene sentido cuando piensas en ellas. Las de Led Zepelin le gustan "porque te convierten en la persona que quieres ser".

Pégate un tiro para sobrevivir es la autobiografía de alguien que todo lo ve y todo lo entiende bajo el prisma

de las canciones que más le han marcado. Recuerda inevitablemente a *Alta fidelidad* de Nick Hornby, aunque de la comparación sale bastante bien parado.

Un clan casi modélico

Los Borgia

JUAN ANTONIO CEBRIAN. Temas de Hoy. 260 páginas.

Cuenta Juan Antonio Cebrián que fue Giovanni Sforza, humillado tras la declaración de nulidad de su matrimonio con Lucrecia Borgia, quien dijo la famosa frase que abonó el capítulo más terrible en la leyenda negra del clan valenciano: "Si se me quita a mi mujer es porque el Papa desea tener la libertad de gozar él mismo de su hija".

Otros muchos personajes de la época participaron en la ofensiva de injurias, difamaciones y libelos que lograron cubrir de oprobio el nombre de los Borgia. Entre ellos el cardenal Giuliano della Rovere, futuro Julio II y máximo rival de Alejandro VI en la cúpula vaticana; el fanático Savonarola y los miembros de varios linajes principescos italianos, ofendidos por la excomunión papal.


Pero la asombrosa historia de crímenes, corrupción, lujuria, incesto, envenenamientos y maquinaciones que se atribuye a la familia Borgia no es, asegura

Juan Antonio Cebrián, como nos la han contado. Su libro nos presenta, por el contrario, el retrato de un clan casi modélico en un mundo que sólo admitía vencedores sin escrúpulos. Para empezar, Calixto III (Alfonso de Borja) fue el hombre que recondujo la maltrecha nave católica. Su sobrino Alejandro VI (Rodrigo Borgia), uno de los mejores y más cualificados dirigentes eclesiásticos de su tiempo, un consumado hombre de estado. De su hija Lucrecia, el miembro más vilipendiado de la familia,

Cebrián afirma que tan sólo "se limitó a intentar ser feliz". Y a César lo pinta como un modelo de príncipe renacentista, pese a dejar constancia de su carácter sanguinario y perverso.

Con su acreditado talento para el género de la divulgación histórica, Cebrián traza las apasionantes biografías de estos personajes, destacando sus luces sobre sus sombras y consp-

truyendo un relato de gran colorido y novelesca amenidad. El libro se publica en vísperas del estreno de la película sobre los Borgia que ha dirigido Antonio Hernández.



Nunca tires la toalla

STANLEY BENDELAC. Maeva. 213 páginas.

"Cosas que aprendí en publicidad que, en realidad, valen para (casi) todo en la vida" es el subtítulo de este libro en el que el ejecutivo Stanley Bendelac resume la sabiduría adquirida a lo largo de treinta y cinco años de trayectoria profesional. En tono coloquial y cercano, Bendelac relata quince historias del mundo de las multinacionales de la publicidad que transcurren en Madrid, Barcelona, Helsinki, Lisboa, Nueva York, Johannesburgo, París, Buenos Aires y Londres. De cada una de ellas Bendelac extrae una lección profesional y hu-



mana ("sé auténtico", "déjate guiar por la intuición", "rodéate siempre de personas mejores que tú", etc.) para resumir luego todas en una conclusión fundamental: nunca, ni en los momentos en los que parece no haber ninguna solución, tires la toalla.

El secreto del Monte Ararat

TIM LAHAYE. MR. 326 páginas.

Segunda entrega de la trilogía iniciada con *La profecía de Babilonia*, en *El secreto del Monte Ararat* volvemos a encontrarnos al intrépido arqueólogo Michael Murphy, una especie de Indiana Jones cuyo objetivo es encontrar pruebas que demuestren la veracidad de las historias que recoge la Biblia.

En la nueva novela, nuestro héroe emprende una expedición al monte Ararat, lugar en el que supuestamente el arca de Noé quedó ubicada tras el Diluvio Universal. Una peligrosa aventura



ra en la que Murphy tendrá que enfrentarse a una poderosa y maléfica organización que pretende hacerse con los restos del arca al tiempo que conocerá dramáticas revelaciones bíblicas que anuncian una nueva catástrofe universal.

Pasión por la democracia

BENJAMIN R. BARBER. Almuzara. 257 páginas.

Miembro destacado de la Administración Clinton y asesor de varios líderes políticos europeos, Benjamin R. Barber era prácticamente desconocido en nuestro país hasta que hace unos meses se publicó en español *Democracia Fuerte*, un best seller que ya había sido traducido a veinte idiomas. Ahora llega a las librerías una de sus obras de factura más reciente, *Pasión por la democracia*, que agrupa una serie de textos escogidos sobre cuestiones tan actuales como la repercusión de las tec-



nologías de la comunicación en la política, las diversas formas de entender el federalismo, los lastres del sistema de partidos o las carencias del liberalismo y la democracia representativa. Un diagnóstico crítico de los sistemas políticos occidentales.

LOS MÁS VENDIDOS

FICCIÓN

- 1 La catedral del mar.** Ildelfonso Falcones (Grijalbo).
- 2 Inés del alma mía.** Isabel Allende (Plaza & Janés).
- 3 Travesuras de la niña mala.** Mario Vargas Llosa (Alfaguara).
- 4 El viento en la luna.** Muñoz Molina (Seix Barral).
- 5 Ojos de agua.** Domingo Villar (Siruela).
- 6 Todas las familias felices.** Carlos Fuentes (Alfaguara).

NO FICCIÓN

- 1 Sabina en carne viva.** Joaquín Sabina (Ediciones B).
- 2 Adiós depresión: en busca de la felicidad.** Enrique Rojas (Temas de Hoy).
- 3 Aprender a convivir.** José Antonio Marina (Ariel).
- 4 Una breve historia de casi todo.** Bill Bryson (RBA).
- 5 La proporción áurea.** Mario Livio (Ariel).

LINGUA GALEGA

- 1 Os libros arden mal.** Manuel Rivas (Xerais).
 - 2 Ollos de auga.** Domingo Villar (Galaxia).
 - 3 Vigo e comarca camiñando.** Xosé R. Varela (Xerais).
- CON LA COLABORACIÓN DE LAS LIBRERÍAS:
VIGO: El Corte Inglés, Librouro y Casa del Libro.
VILAGARCÍA: Limiar.
OURENSE: La Viuda.

Este curso, los libros de Ciclos Formativos, cómpralos en Casa del Libro.

5% de descuento en tus compras*

CASA DEL LIBRO

Velázquez Moreno, 27 - 36202 Vigo
Telf.: 902 026 412 - vigo@casadellibro.com

CASA DEL LIBRO
DEL LIBRO
TIENE
LO QUE
NECESITO

X.L.
MÉNDEZ
FERRÍN



CONSULTORIO DOS NOMES E DOS APELIDOS GALEGOS

82. PEROXA.- Daniel Peroja Moure, de Agar, Outeiro (A Estrada), preguntame polo seu primeiro apelido, que está castelanizado e é dos toponímicos. Hai varios nomes de poboación e hidrónimos Peroxa. O máis importante é A Peroxa, de onda Ourense, que foi castelo famoso e feira con boas postas de vitela, incluso richada, e é concello. Podería pensarse que se trate dun caso de importación, que os hai. Da Perusia de Etruria (hoxe Perugia) tragaría o nome un notable romano. Pero a hipótese perde forza ao mirarmos que non é unha senon que son diversas as Peroxa. Pode pensarse que Peroxa veña do latín. Xa en Plinio aparece un *petrosus* que implica unha **petrosa* que pode ser o étimo do topónimo e apelido. Ou sexa: **Petrosa* “terra abundante en pedras”. En latín existía a palabra *petra/-ae* “pedra”, do grego *pétra*, que foi xeneralizada aínda que os autores clásicos preferían a verba autóctona *saxum*. Pro, na *Vulgata*, Cristo, falando a lingua do Imperio, fixo un xogo de palabras famoso con Petrus e con *petra*, o que seguramente o Mestre non podería permitirse no seu arameo materno. Esta *petra* chegou a ser dominante e universal no latín e deixou derivados nas linguas románicas. Moitos topónimos galegos conteñen *pedra* e outros convírtena en *per-*, *pera-*, *para-*, e así. Certos topónimos Pereira ou Pereiro poden vir de *petraria*, *petrariu* e non da árbore das peras.

Unindo *petra* co sufixo abundancial *-osa* sai **Petrosa*, a cal convertería en fricativa o *s* (como Ventoso/Ventoso, Moscoso/Moscoso, Fentoso/Fentoso). Consultado Gonzalo Navaza, el opina que non pode ser así posto que na documentación latinomedieval a forma que aparece é Perogia, o que fai difícil evocar un orixinal terminado en *-osa* e revela que non se sentía que no topónimo estivese incluída a idea de *pedra*. Co cal Peroxa entra na categoría dos nomes de lugar e apelidos de orixe incerta.

83. PICALLO.- Preguntame Antonio Casal Castro, de Bouzas, sobre Picallo, usado por 661 (GN) persoas, que ten todo o ar de ser apelido derivado dun alcuño. Hoxe erradicado, un mal infeccioso chamado *variola* producía na pel unhas *vixigas* ou *bogas*, que, ao curar o doente, lle deixaban a face marcada ou *picada*. Na miña opinión, o apelido Picallo procede do alcume imposto a unha persoa *picada* das vixigas. O *picallo* máis famoso de Galicia na miña infancia era o Cego de Guntín, que percorría as feiras cosas súas coplas, o seu violino e a súa moza, daquela fresca e se cadra hoxe viva aínda que anciá.

84. PIÑEIRO.- Usado por 25.267 (LM) galegos, procede dos moitos lugares de Galicia ditos Piñeiro/O Piñeiro seguramente por acharse alí un espécime excepcional dalgunha das árbores do xénero *Pinus* que coñecemos con tal nome. Filoloxicamente falando, do latín *pinus/-i* saíu o portugués *pinho* (Ramón Lorenzo). Pro en Galicia, en en parte tamén en Portugal, para designar estas coníferas preferiuse unha palabra de formación romance, *piñeiro*, xerada a partir de *piña*, do latín *pineae*, que é o froito de tal árbore. É curioso que Eduardo Pondal sempre usase a

forma castelán *pino*, mesmo no Himno Galego.


85. POMBO.- Gastan este apelido 4.613 coterráneos (LM). En galego significa dúas cousas: “macho da pomba doméstica” (*Columba oenas*) e “pomba salvaxe” (*Columba palumbus*) ou *torcaza* (por levar un torques arredor do pescozo). O latín distinguía entre *palumbes/-is* (ou tamén *palumbus* e *palumba*) “pomba salvaxe” e *columba* “pomba doméstica”. Ernout-Meillet lévannos a un texto clásico: “...de his domesticis *columba* Varro dicit... nam *agrestis palumbus* vocantur”. Pois ben, en galego só hai descendentes de *palumbus/palumba*: *pombo/pomba*. É apelido derivado dun alcume dos do grupo animalístico, como Pita, Coello, Gato, Patiño, Pato, Raposo ou Lobo. Estando dado que o macho da pomba doméstica soe roubar femias alleas e traguelas ao seu pombal, a un varón afeccionado ás mulleres dos outros puidéronlle pór Pombo. Pro tamén sería posíbel que se tratase dun monte agari-

moso pois xa en latín era usado, en diminutivo, *palumbulus* como termo de tenrura e afecto.

86. PORTELA.- Usan deste apelido 6.869 (LM) galegos e galegas e por el me pregunta Inés Abeijón desde Nova York e mediante a Asociación Fillos de Galicia. E ben, Portela é un apelido galego que provén dos moitos lugares de poboación que reciben o nome de Portela/A Portela. Como nome común, *portela* significa “paso elevado entre montañas”. Procede do latín *porta/-ae* “paso entre dous espazos”, que substituíu outras palabras e asumiu o significado de “porta”. Sumóuselle a *porta* o sufixo diminutivo *-ella* e ficou *portela*. Por tras, albíscase unha raíz indoeuropea *per-* que leva a idea de “atravesar, pasar”. O noso é un país de *portelas*, das cales son famosas a Portela do Padornelo e a da Canda, polas cales *pasamos* á Meseta no Suleste. Ademais do meu amigo Eduardo Portela Vidal eu recordo agora o Tío Marcos da Portela,

invención do Padre Sarmiento coa que se inicia a moderna literatura en lingua galega na primeira metade do século XVIII.

87. PORTOMEÑE.- Pídeme razón deste apelido Ana Portomeñe Vázquez, de Chantada. Seguramente é de orixe toponímica. Aínda que eu non coñezo sitio ningún así chamado, debe ou debeu de habelo. Trátase dun nome composto cuxo primeiro termo é *porto*, do latín *portus/-us* cun senso primitivo de “paso” (véxase PORTELA) que pode aplicarse a un paso entre montañas, ao lugar de trasbordo dun río ou a un porto de mar, e na nosa toponimia hai moitas amósegas de todas estas acepcións. O segundo termo, Meñe, suxire un nome de persoa en xenitivo. Varios topónimos Menlle ben coñecidos poden identificarse doadamente como variantes deste Meñe. Podíase reconstruír un étimo **Portu Menilii*. Aínda que non achamos na antroponimia medieval ningún Menilii, si sabemos de varios patronímicos Maniliz que nos conducen ao nome latino persoal Manilius, o que poido virar en **Menilius*. Un *porto* ou un punto de pasaxe controlado por un señor chamado **Menilius* sería **Portu Menilii* e logo Portomeñe ou Portomenlle. En troques, a hipótese dun posesor xermánico Mannellus (de *manna* “home”) non semella verosímil pola dificultade que presenta a perda en galego do *-nni* intervocálico. En resumo, encontrámonos perante un caso onomástico de difícil interpretación. Aínda que nun documento de Celanova do ano 987 aparece citado un extraño Melhe *presbiter* (lectura de J.M. Andrade) que non sei se terá que ver cos Meñe ou Menlle dos que estamos a falar.



Un ferrado de apelidos (XV)